

7. SALA DE REUNIÓN

A sala de reunións é un espazo pertencente á Casa da Xuventude acondicionado para realizar xuntanzas de colectivos da cidade que non dispoñan de local propio e que precisen del de xeito puntual ou periodicamente.

7.1. Servizos

- Sala para xuntanzas de 20 metros cadrados e dotada con:
 - 20 cadeiras
 - 1 mesa
 - TV e vídeo
 - Pizarra veleda
 - Pantalla para proxección de diapositivas

7.2. Compromisos cos usuarios e usuarias

- **Sala de xuntanzas**
 - Poñemos á vosa disposición unha sala que pode ser solicitada por calquera colectivo da cidade que desempeñe a súa actividade a propósito da xuventude: asociacións xuvenís, colectivos de estudantes, artistas, deportistas e outros compostos por xente moza.
 - Tamén está á disposición vosa para acoller actividades de carácter xuvenil, se as características destas actividades permiten a súa realización neste tipo de espazo.
 - A sala concederáse tendo en conta tamén outros criterios coma pode ser o interese xuvenil da xuntanza ou a relación desta cos programas de xuventude que se estean realizando neste momento.
- **Material:** o material descrito pode ser utilizado tamén no desenvolvemento da xuntanza, só é preciso solicitalo á vez que a sala.
- **Información e solicitudes:** telefonicamente, por fax, correo tradicional ou electrónico. Recibiredes información acerca da dispoñibilidade da sala nun prazo máximo de 3 días dende a chegada da vosa solicitude. A ficha de solicitude está dispoñible na nosa web, www.xuventudevigo.org e na web do Concello www.vigo.org

7.3. O que esperamos dos usuarios e usuarias

- Respectar os horarios de dispoñibilidade, que abranguen dende as 9:00 ata as 14:00 horas, pola mañá, e dende as 17:00 ata as 21:00 horas pola tarde, e de luns a venres.
- Coidado e bo uso tanto da sala coma do material do que dispón.
- Unha vez rematada a xuntanza deixade todo tal e como o atopastes, co fin de que poida seguir sendo utilizado en vindeiras ocasións por outr@susuari@s.

- Calquera suxestión ou información que consideredes importante facilitaríanos a labor de achegamento ás vosas necesidades.

7.4. Como acceder

- Para utilizar a sala só tendes que remitir unha solicitude por fax, correo electrónico, ou ben de xeito presencial.
- As solicitudes serán atendidas por orde de entrada.
- Se tendes algunha dúbida poñédevos en contacto connosco:

Casa da Xuventude r/López Mora, 31 - 36211 Vigo

Tlfno 986 294 806

Fax: 986 294 934

xuventude@vigo.org

www.xuventudevigo.org

7.5. Indicadores de calidade:

Indicadores básicos:

- ▶ N^o de xuntanzas realizadas por ano.
- ▶ N^o de usuari@s total.
- ▶ N^o de actividades derivadas da xestión da Casa da Xuventude que se realizan na sala de reunións (xuntanzas de Noites Vivas, obradoiros, actividades especiais)
- ▶ N^o de actividades realizadas por colectivos independentes á Casa da Xuventude que se derivan da utilización da sala (actividades estudiantís e doutros colectivos)
- ▶ Porcentaxe de demandas presenciais atendidas no momento
- ▶ Porcentaxe de demandas telefónicas atendidas no momento
- ▶ Porcentaxe de demandas por fax atendidas antes de tres días
- ▶ Porcentaxe de demandas por correo electrónico atendidas antes de tres días

Outros indicadores

- ▶ Tipoloxía dos colectivos reunidos e dos proxectos realizados nestas xuntanzas (principalmente xuvenís)
- ▶ N^o de demandas presenciais de información
- ▶ N^o de demandas telefónicas para información
- ▶ N^o de demandas de información por fax
- ▶ N^o de demandas de información por correo electrónico recibidas